



BASES REGULADORAS DO III CERTAME DE ESCAPARATES ENTROIDEIROS

INTRODUCCIÓN

Coa finalidade de contribuír á dinamización e promoción do comercio local do noso Concello, propoñemos esta terceira edición do certame, no que poderán participar todos os locais e comercios da nosa vila, no que o “xurado”, formado pola poboación en xeral e a veciñanza do noso concello en particular, valorarán e premiarán a mellor decoración de escaparate ou entrada do local deste entroido 2023 .

1. PARTICIPANTES E FORMA DE INSCRIPCIÓN.

Poderán participar neste certame todos os locais e comercios do Concello de Laxe que entreguen a correspondente folla de inscrición, de xeito presencial no Rexistro Xeral da Casa do Concello ou de forma telemática a través da Sede Electrónica Municipal, e que de xeito individualizado, lle foi remitida dende o Concello a todos os locais e establecementos comerciais da nosa vila.

2. PRAZOS.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN: do 06.02.2023 ata as 12.00 horas do 17.02.2023.

Finalizado o prazo de inscrición, persoal do Concello de Laxe será o encargado fotografar os escaparates e/ou entradas dos establecementos comerciais participantes.

O 20.02.2023 as fotografías serán compartidas na páxina do Facebook municipal e a través de enlace web, tanto na web do Concello como entre todas as persoas dadas de alta no Servizo de mensaxería WhatsApp municipal de NovasLaxe.

PRAZO DA VOTACIÓN: do 20.02.2023 ata as 11.00 h. do 24.02.2023.

ENTREGA DE DIPLOMA E AGASALLO CONMEMORATIVO ó establecemento gañador: a partir do día 26.02.2023 en función da dispoñibilidade do local e/ou comercio gañador.

3. FORMATO DAS VOTACIÓNS.

Habilitaranse 2 canles para que toda persoa que así o desexe poida emitir o seu voto:

3.1. A TRAVÉS DO DA PÁXINA DE FACEBOOK DO CONCELLO DE LAXE, outorgando un “me gusta” ou “me encanta” á imaxe do escaparate/local mellor decorado.

3.2. POR MENSAXERÍA WHATSAPP NO SERVIZO MUNICIPAL DE NOVASLAXE: ENVIANDO UNHA MENSAXE Ó NÚMERO DE TELÉFONO 657 771 006 co seguinte texto: “VOTO COMO MELLOR ESCAPARATE ENTROIDEIRO DO 2023 A (nome do local/comercio).....”

****** No caso de que unha mesma persoa comunique varios votos, só se terá en conta o primeiro voto emitido cronoloxicamente.

4. DO XURADO E DO PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DO ESCAPARATE GANADOR.

O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos a través das canles habilitadas e xa mencionadas no punto anterior.

O establecemento gañador, será aquel que máis votos en positivo reciba como resultado de sumar os emitidos nas tres canles: “me gustas” na páxina de Facebook e no perfil de Facebook, e votos remitidos polo servizo de NovasLaxe do Concello de Laxe.

Do procedemento:

- Finalizado o prazo de votación, o persoal técnico municipal, recompilará e sumará os votos emitidos polas dúas canles habilitadas.
- Un representante do persoal traballador do concello será o encargado de recompilar e sumar todos os votos emitidos polas canles xa citadas, quen emitirá proposta de resolución do Certame.



- Resolverá o certame a alcaldía do Concello de Laxe en base ó informe de votación emitido polo persoal técnico, permanecendo dita Resolución exposta no taboleiro de anuncios da Casa do Concello na que se fará constar tanto o recuento dos votos emitidos como o o resultado do comercio gañador deste certame.
- O resultado será comunicado ó establecemento gañador así como nas redes sociais municipais e canles de comunicación habituais.

4. DEREITOS DE AUTOR e PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

- O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das fotografías tomadas dos diferentes establecementos, sen que, en ningún caso, medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda.
- En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor.
- Cada establecemento participante no devandito certame consinte que o Concello de Laxe faga públicos os datos relativos ó nome, enderezo e datos de contacto do dito establecemento, así como a fotografía da persoa propietaria de dito establecemento no momento da recollida e entrega do premio do certame, que se fará pública para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición.
- Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.
- O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s que emitan os seus votos, en ningún caso serán feitos públicos, pero si serán necesarios para comprobar e tentar que cada persoa poida emitir un único voto.
- De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no certame, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados. Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

5. A participación neste certame supón a TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.

Laxe, na data da sinatura dixitalmente

O alcalde,

José Luis Pérez Añón



ANEXO:

III CERTAME DE ESCAPARATES ENTROIDEIROS. LaxEntroido 2023

FOLLA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS DO ESTABLECEMENTO E DA PERSOA REPRESENTANTE	
NOME DO ESTABLECEMENTO:	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REALIZA A INSCRICIÓN:	
NÚMERO DE TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS POSTAIS:	

O/a abaixo asinante,

SOLICITO ser admitido/a ó certame o que se refire esta folla de inscrición, e DECLARO que son certos os datos obrantes nela, comprometéndome a comprobar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

DECLARO que, unha vez revisadas as bases do devandito certame, acéptoa integramente, considerando que reúno todos os requisitos e condicións que nelas se establecen.

Así mesmo, AUTORIZO o tratamento dos meus datos persoais para todos aqueles trámites que sexan precisos para levar a cabo este certame, consentindo a súa publicación tanto na páxina web como nas redes sociais municipais, así como a súa comunicación ós medios de prensa e radio locais, ós efectos de dar publicidade ó resultado do certame no que voluntariamente participo, autorizando tamén a difusión da fotografía do establecemento que inscribo.

Laxe, ____ de febreiro de 2023

Sinatura: _____